

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO
ACTIVIDADES
UNIDADE 1
1. Marca cunha cruz a resposta correcta:
PUNTO 1. A REVOLUCIÓN AMERICANA (páxina 34 a 35)

1. Gran Bretaña tratou de resarcirse dos custos da Guerra dos Sete Anos: ☐ renunciando a participar en máis guerras ☐ creando novos impostos nas súas colonias americanas ☐ concedendo inmediatamente a independencia ás cincuentas colonias americanas	2. Os colonos británicos en Norteamérica negáronse a pagar os novos impostos polo goberno de Gran Bretaña porque: ☐ foran aprobados por eles mesmos no Parlamento británico ☐ consideraban que a cantidade a pagar era escasa ☐ non participaban no Parlamento británico
3. A concesión do monopolio da venda do té á Compañía das Indias Orientais provocou que os comerciantes das colonias británicas en Norteamérica: ☐ aceptasen sen reservas esa medida ☐ promovesen o Motín do Té de Boston ☐ non se sentisen prexudicados de ningunha maneira	4. A proclamación da independencia dos Estados Unidos de América tivo lugar o: ☐ 4 de xullo de 1776 ☐ 14 de xullo de 1789 ☐ 19 de marzo de 1812
5. A Declaración de Independencia dos Estados Unidos foi un documento redactado por Thomas Jefferson no cal se proclamaba: ☐ a desigualdade contra a liberdade ☐ o dereito á rebelión contra a tiranía ☐ a concentración de poderes na figura do rei	6. Francia e España decidiron apoiar aos colonos americanos rebeldes tras: ☐ a vitoria das milicias dirixidas por George Washington na batalla de Saratoga ☐ o fracaso absoluto da táctica de guerrillas ☐ a sinatura do Tratado de Versalles
7. A independencia dos Estados Unidos de América foi recoñecida polo Reino Unido mediante: ☐ o apoio ao Motín do Té de Boston ☐ a sinatura do Tratado de Versalles ☐ a aprobación da Constitución de 1789	8. O texto da Constitución dos Estados Unidos de América foi preparado por: ☐ cincuenta delegados ☐ trece pais fundadores ☐ a Cámara de Representantes e o Senado
9. A Constitución dos Estados Unidos de América establecía que o poder executivo debía ser exercido: ☐ pola Cámara de Representantes e o Senado ☐ por un presidente elixido por sufraxio universal masculino ☐ por George Washington de forma vitalicia	10. O poder xudicial segundo a Constitución dos Estados Unidos: ☐ era independente do poder político ☐ estaba dividido en dúas cámaras lexislativas ☐ non contaba cun Tribunal Supremo

PUNTO 2. AS ORIXES DA REVOLUCIÓN FRANCESA (páxina 36 a 37)

11. As posibilidades de actuación do goberno de Luís XVI de Francia víanse limitadas: ☐ pola excelente marcha da economía ☐ polo elevado número de impostos ás clases privilexiadas ☐ pola grave crise da Facenda Real no último cuarto do século XVIII	12. A intervención de Francia na guerra de Independencia dos Estados Unidos provocou: ☐ a redución da débeda da Facenda Real francesa ☐ unha grave crise da Facenda Real francesa ☐ a renuncia á convocatoria dos Estados Xerais
13. Algúns ministros do goberno de Luís XVI de Francia propoñían solucionar a grave crise da Facenda Real mediante: ☐ reformas baseadas nas ideas da Ilustración ☐ medidas para instaurar a sociedade estamental ☐ normas para eliminar os impostos a todos os grupos sociais	14. A nobreza francesa de finais do século XVIII esixiu a reunión dos Estados Xerais porque: ☐ consideraba que debía eliminarse a sociedade estamental ☐ era a institución que debía autorizar os novos impostos ☐ defendía a igualdade fiscal entre todas as estamentos sociais
15. O momento no que foron convocados os Estados Xerais en Francia estivo caracterizado: ☐ polo inexistencia de crises de subsistencia ☐ polo aumento dos prezos do trigo ☐ pola redución do paro, da mendicidade e da delincuencia	16. Os representantes dos estamentos que se ían reunir nos Estados Xerais de Francia podían facer públicas as peticións que levarían a esta reunión: ☐ nuns cadernos de queixas ☐ nunha Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán ☐ nunha Constitución aprobada por sufraxio universal masculino

17. Os cadernos de queixas recollidos polos representantes do terceiro estado para a reunión dos Estados Xerais reclamaban: ☐ o mantemento do réxime feudal ☐ a defensa dos privilexios tradicionais ☐ a liberdade de expresión, de reunión ou de comercio	18. As estruturas do Estado absolutista e a continuidade da sociedade estamental comezaron a ser cuestionadas en Francia a finais do século XVIII: ☐ pola gran difusión das ideas dos ilustrados ☐ polo absoluto descoñecemento do movemento ilustrado ☐ polas ansias de reformas da maioría dos membros das clases privilexiadas
PUNTOS 3. A REVOLUCIÓN FRANCESA (1789-1792) (páxina 38 a 43)	
19. Os representantes dos estamentos que se reunían nos Estados Xerais de Francia deliveraban por separado e logo emitían: ☐ un voto por cada estamento ☐ un voto en representación das clases privilexiadas e outro en representación do terceiro estado ☐ un voto por cada un dos numerosos representantes políticos dos tres estamentos	20. Os representantes do terceiro estado pediran nos seus cadernos de queixas que o sistema de votación nos Estados Xerais: ☐ fose por estamento ☐ se realizase por cabeza ☐ sempre favorable á nobreza e ao clero
21. A negativa dos representantes dos estamentos privilexiados a deliberar en común antes da votación dos Estados Xerais provocou que os representantes do terceiro estado: ☐ se autoproclamasen Asemblea Nacional ☐ renunciases a ser os únicos con capacidade de decisión política e de votar impostos ☐ aceptasen as propostas do rei, da nobreza e do clero	22. O peche por parte do rei da sala de reunión dos Estados Xerais reaccionasen: ☐ aceptando o voto por estamento ☐ reuníndose na Sala do Xogo da Pelota ☐ disolvéndose por non poder darle a Francia unha Constitución
23. A actitude do rei de Francia tras o xuramento da Sala do Xogo da Pelota provocou unha revolución urbana do pobo de París que rematou: ☐ coa convocatoria dos Estados Xerais ☐ coa proclamación da Asemblea Nacional ☐ co asalto á prisión da Bastilla	24. O gran medo foi unha revolta que tivo lugar en Francia en 1789 na que: ☐ os nobres deixaron de pagar as cargas señoriais ☐ os campesiños asaltaron os castelos dos señores ☐ o rei esixiu a abolición dos dereitos señoriais
25. A Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán foi un documento aprobado durante a Asemblea Constituínte da Revolución francesa no que: ☐ se recoñecía a liberdade de pensamento, económica e de relixión ☐ se consideraba prescindible o dereito de propiedade ☐ se renunciaba á soberanía nacional	26. A constitución civil do clero foi unha medida aprobada durante a Asemblea Constituínte da Revolución francesa pola que: ☐ as ordes monásticas se multiplicaron ☐ os relixiosos pasaban a depender do Estado ☐ o Estado deixaba de pagar os salarios dos relixiosos
27. A Constitución de 1791 foi a primeira que tivo Francia e establecía: ☐ a organización do país en varios Estados ☐ a separación de poderes ☐ o sufraxio universal	28. Luís XVI intentou fuxir de Francia en 1791 para: ☐ estender as ideas da revolución por toda Europa ☐ tomar París para impulsar as ideas revolucionarias ☐ unirse aos aristócratas franceses contrarios á revolución que se exiliaran
29. As monarquías absolutistas europeas decidiron axudar aos nobres exiliados e prepararon os seus exércitos para intervir contra Francia porque: ☐ eran partidarias da instauración dunha república democrática ☐ pretendían forzar a abdicación de Luís XVI ☐ temían a estensión do exemplo da Revolución francesa por outros países	30. As derrotas militares de Francia ante as tropas austríacas e a invasión do territorio francés polas tropas prusianas provocou que as masas populares: ☐ non visen perigar en ningún momento a revolución ☐ asaltasen o palacio das Tullerías ☐ aceptasen as políticas absolutistas do rei
31. A radicalización da Revolución Francesa tras o asalto ao palacio das Tullerías levou a que a Asemblea Lexislativa suprimise a monarquía e no seu lugar decidise elixir: ☐ unha monarquía democrática parlamentaria ☐ unha nova asemblea chamada Convención ☐ un Directorio por sufraxio universal masculino	32. Os xirondinos eran un grupo político que formaba parte da Asemblea durante a Revolución francesa que se caracterizaba por: ☐ ser partidarios dunha república socialista ☐ defender unha república dominada polos sans-culottes ☐ ter unas ideas de tipo revolucionario moderado
33. O proceso xudicial iniciado contra o rei Luís XVI durante a época da Convención xirondina rematou coa súa execución principalmente porque: ☐ os xirondinos non querían salvalo ☐ os xacobinos pedían a condena a morte ☐ as casas reinantes europeas pedían que o guillotinasen	34. A execución do rei Luís XVI provocou unha sublevación na rexión de La Vendée na cal destacaba: ☐ o carácter monárquico e católico ☐ a ausencia de represión por parte do goberno ☐ o predominio dos partidarios do goberno de Napoleón

35. As masas populares rodearon a Asemblea durante a etapa da Convención xirondina deron paso pola forza á Convención xacobina na que destacou a figura de: ☐ María Antonieta de Austria ☐ Maximilien de Robespierre ☐ Luís Filipe de Orleans	36. A escusa da ameaza militar no exterior e dos contrarrevolucionarios no interior foi utilizada polo goberno da Convención xacobina ou montañesa para: ☐ instaurar o réxime do Terror ☐ prohibir as detencións e execucións en masa ☐ implantar o sistema feudal
37. Robespierre respondeu aos ataques contra a súa política autoritaria durante a Convención montañesa: ☐ instaurando un calendario acorde coa tradición cristiá impedindo o uso da guillotina en toda Francia ☐ ordenando a execución dos seus principais adversarios	38. A reacción contra a política autoritaria e represiva de Robespierre levou a que en Francia se instaurase: ☐ unha república conservadora e censitaria ☐ un goberno contrario aos intereses da burguesía moderada ☐ unha monarquía republicana e liberal
39. A etapa do Directorio durante a Revolución francesa caracterizouse porque o control do poder estaba en mans dun Directorio de cinco membros que tiña: ☐ o poder lexislativo ☐ o poder executivo ☐ o dominio absoluto das institucións da monarquía	40. Napoleón Bonaparte foi un mozo e ambicioso militar que dissolveu o Directorio pola forza mediante o golpe de Estado do 18 de Brumario e entregou o poder: ☐ á Convención xacobina ☐ á dinastía dos Borbóns ☐ a tres cónsules provisionais
PUNTO 4. A EUROPA NAPOLEÓNICA (1800-1815) (páxina 44 a 45)	
41. O papa aceptou o goberno de Napoleón a través da sinatura do Concordato coa Santa Sé durante a etapa do Consulado a cambio de que o goberno francés: ☐ se comprometése a manter o clero ☐ considerase o catolicismo como unha relixión minoritaria en Francia ☐ disolvese os Estados Pontificios	42. O Código Civil aprobado durante a etapa do Consulado por Napoleón recollía conquistas da revolución moderada como: ☐ a implantación do réxime feudal ☐ a liberdade e igualdade civil ☐ a propiedade absoluta da terra por parte do Estado
43. A coalición antifrancesa que se formou na etapa do Imperio napoleónico estaba formada por: ☐ Reino Unido, Rusia e Austria ☐ Francia, España e Suecia ☐ Alemaña, Italia e Portugal	44. Napoleón logrou importantes vitorias terrestres contra as tropas austríacas e rusas, aínda que foi derrotado pola frota británica na: ☐ batalla de Saratoga ☐ batalla de Austerlitz ☐ batalla de Trafalgar
45. Napoleón tratou de frear a primacía de Gran Bretaña nos mares decretando contra este país: ☐ un bloqueo continental ☐ a posibilidade de comerciar con toda Europa ☐ unha alianza contra Francia	46. As derrotas de Austria e Rusia e a conversión destes países en aliados de Francia, así como a invasión de Prusia, permitiron que Napoleón: ☐ renunciase a formar un imperio ☐ completase o seu proxecto de crear un grande imperio ☐ devolvese o poder a unha república xacobina
47. A invasión de Rusia por parte do exército napoleónico en 1812 rematou: ☐ cun éxito rotundo ☐ coa retirada das tropas francesas do territorio ruso ☐ coa vitoria francesa no cru inverno ruso	48. A guerra de Independencia provocada pola ocupación francesa do territorio español en 1808 produciu: ☐ a incorporación definitiva de España ao Imperio napoleónico ☐ a instauración en España do Imperio dos cen días ☐ un forte desgaste das tropas napoleónicas
49. A derrota de Napoleón en 1814 obrigouno a abdicar e retirarse: ☐ á cidade de Leipzig ☐ á illa de Elba ☐ á illa de Santa Helena	50. O Imperio dos cen días instaurado por Napoleón en Francia tras o seu regreso da illa de Elba finalizou: ☐ coa vitoria das tropas francesas na batalla de Trafalgar ☐ coa derrota da frota francesa na batalla de Sedán ☐ coa derrota das tropas napoleónicas na batalla de Waterloo
PUNTO 5. RESTAURACIÓN E REVOLUCIÓN EN EUROPA (1815-1848) (páxina 46 a 50)	
51. As potencias que venceron a Napoleón intentaron restaurar a partir de 1815 as vellas monarquías europeas e: ☐ instaurar réximes democráticos e parlamentarios ☐ regresar á situación internacional anterior á Revolución francesa ☐ defender as ideas do liberalismo en toda Europa	52. A etapa da Restauración que se desenvolveu en Europa tras a derrota de Napoleón caracterizouse por: ☐ intentar eliminar os fundamentos do Antigo Réxime ☐ romper coa alianza entre a Igrexa e os Estados ☐ tratar de garantir os dereitos lexítimos dos monarcas absolutos do Antigo Réxime
53. O sistema da Restauración que se deseñou no Congreso de Viena tiña como principal obxectivo: ☐ manter a prevalencia da Francia napoleónica ☐ rematar definitivamente co Antigo Réxime ☐ restablecer o equilibrio entre as potencias europeas	54. Entre os cambios que se produciron no novo mapa de Europa que se deseñou no Congreso de Viena estaba: ☐ a extinción da Confederación Xermánica ☐ a creación do reino dos Países Baixos coa unión das Provincias Unidas e Bélxica ☐ a anexión de Suecia por parte de Noruega

55. Austria, Prusia e Rusia conseguiron no Congreso de Viena: ☐ ampliar os seus territorios ☐ reducir as súas posesións ☐ manter intacto o mapa de Europa da época de Napoleón	56. As decisións tomadas durante o Congreso de Viena provocaron que Francia: ☐ mantivese todas as súas prazas militares ☐ puidese anexionar Suecia e Noruega ☐ volvease ás fronteiras anteriores á Revolución francesa
57. A Santa Alianza foi unha coalición entre Rusia, Austria e Prusia que perseguía: ☐ a eliminación do absolutismo ☐ a defensa do absolutismo fronte á ameaza liberal ☐ o dereito de intervención para promover calquera movemento revolucionario	58. A Santa Alianza logrou devolver en 1823 o poder absoluto ao rei Fernando VII mediante: ☐ a restauración da monarquía de Xosé Bonaparte ☐ a celebración do Congreso de Viena ☐ o envío dos Cen Mil Fillos de San Luís
59. A Santa Alianza foi unha coalición entre Rusia, Austria e Prusia que perseguía: ☐ a eliminación do absolutismo ☐ a defensa do absolutismo fronte á ameaza liberal ☐ o dereito de intervención para promover calquera movemento revolucionario	60. Os habitantes dos territorios que loitaban por liberarse da ocupación das tropas napoleónicas e coñeceran as ideas revolucionarias sobre a soberanía nacional e os dereitos humanos: ☐ seguían considerándose súbditos ☐ considerábanse cidadáns de pleno dereito ☐ non consideraban necesario participar no goberno da comunidade
61. Moitos cidadáns dos territorios que foran ocupados polas tropas napoleónicas consideraban que eses territorios eran: ☐ nacións do Antigo Réxime ☐ posesións herdadas por un rei absolutista ☐ comunidades formadas por persoas unidas por lazos históricos e culturais	62. O pronunciamiento do xeneral Riego en 1820 deu inicio en España ao Trienio Constitucional no cal: ☐ a Constitución de 1812 foi abolida ☐ os gobernos liberais retomaron as reformas suspendidas por Fernando VII ☐ o absolutismo se implantou por primeira vez en territorio español
63. A onda revolucionaria que tivo lugar entre 1820 e 1825 caracterizouse pola: ☐ defensa do absolutismo por parte dos revolucionarios ☐ participación do exército para apoiar ou reprimir os movementos revolucionarios ☐ non teres intención de instaurar monarquías constitucionais	64. Entre as causas que provocaron a revolución que comezou en París en 1830 estaba a decisión da monarquía borbónica deste país de: ☐ implantar a liberdade de prensa ☐ disolver as cámaras ☐ evitar o goberno por decreto
65. O reinado de Luís Filipe de Orleans que se iniciou en Francia tras a revolución de 1830 caracterizouse por: ☐ defender os principios da Restauración ☐ apoiar os movementos absolutistas que xurdían por toda Europa ☐ ir incrementando pouco a pouco as tendencias autoritarias	66. Entre os motivos que impulsaron a revolución que conduciu á independencia de Bélxica respecto dos Países Baixos estaban: ☐ as diverxencias relixiosas entre Bélxica e as Provincias Unidas ☐ o predomínio da relixión católica en Holanda ☐ o maior desenvolvemento económico de Bélxica
67. A revolución que comezou en Francia en 1848 provocou: ☐ a formación dun réxime absolutista ☐ a abdicación de Luís Filipe de Orleans ☐ a supresión da Segunda República francesa	68. Entre as medidas que adoptou o goberno da Segunda República francesa xurdida tras a revolución de 1848 estivo: ☐ a convocatoria de eleccións por sufraxio censitario ☐ a implantación da escravitude ☐ o recoñecemento do dereito de folga
69. Luís Napoleón, sobriño de Napoleón Bonaparte, foi proclamado presidente da Segunda República francesa e unha vez no poder: ☐ evitou calquera tendencia autoritaria ☐ deu un golpe de Estado e autotitulouse emperador ☐ restaurou a monarquía dos Borbóns	70. As revolucións que tiveron lugar entre 1820 e 1848 caracterizáronse por: ☐ non ter ningunha influencia das ideas socialistas ☐ conseguir implantar o sufraxio universal masculino en toda Europa ☐ fortalecer o nacionalismo nos territorios italianos e alemáns
PUNTO 6. OS NACIONALISMOS (1848-1871) (páxina 51 a 53)	
71. Os movementos nacionalistas que se desenvolveron ao longo do século XIX trataban de exaltar os sentimentos nacionais dos habitantes dos seus territorios: ☐ prestando escasa atención á exaltación da propia identidade ☐ buscando as raíces nacionais no pasado histórico ☐ evitando a loita contra os Estados opresores, ocupantes ou administradores	72. Os movementos nacionalistas que pretendían separarse dunha unidade política máis grande e formar o seu propio Estado eran: ☐ os nacionalismos disgregadores ☐ os nacionalismos unificadores ☐ os nacionalismos antipatrióticos

73. Os exemplos máis claros de movementos nacionalistas disgregadores foron os que se desenvolveron: ☐ nos Imperios austrohúngaro, ruso e turco ☐ en Italia e Alemaña ☐ en Prusia e no reino do Piemonte-Sardegna	74. Os movementos nacionalistas que pretendían unir nun só Estado-nación diversos territorios que eran independentes ou que estaban baixo dominio doutro Estado eran: ☐ os nacionalismos disgregadores ☐ os nacionalismos desintegradores ☐ os nacionalismos unificadores
75. Os casos máis destacados de nacionalismos unificadores foron: ☐ os territorios do Imperio austrohúngaro ☐ a independencia de Bélxica e Noruega ☐ as unificacións de Italia e de Alemaña	76. Os movementos nacionalistas unificadores de Italia e de Alemaña víronse favorecidos pola: ☐ non ocupación destes territorios polas tropas napoleónicas ☐ escasa influencia das ideas do romanticismo ☐ pola necesidade de expansión económica e de unión comercial
77. Entre os principais impulsores da unificación italiana estivo: ☐ Vitor Manuel III de Savoia ☐ o rei do Piemonte-Sardegna ☐ o primeiro ministro Mazzini	78. O reino do Piemonte-Sardegna intentou incorporar na primeira fase do proceso de unificación italiana os territorios do norte aliándose: ☐ con Francia para loitar contra Austria ☐ con Austria para loitar contra Francia ☐ con Alemaña para loitar contra España
79. O primeiro ministro Cavour aproveitou a sublevación dos campesiños sicilianos contra o rei de Nápoles durante a segunda fase da unificación italiana para: ☐ ceder Parma, Modena e Toscana a Austria ☐ enviar os “<i>mil camisas vermellas</i>” ao mando de Garibaldi ☐ renunciar á incorporación de Venecia a Italia	80. A derrota das tropas austríacas contra Prusia e Italia na terceira fase da unificación italiana permitiu que este país incorporase o territorio de: ☐ Umbria ☐ Sicilia ☐ Venecia
81. A incorporación de Roma á unificación italiana e a proclamación desta cidade como capital do novo Estado: ☐ foi recoñecida desde o primeiro momento polo papa ☐ permitiu crear o Estado da Santa Sé baixo soberanía francesa ☐ non se resolveu ata os Tratados de Letrán en 1929	82. Os Estados alemáns intentaban fomentar a cooperación económica e dar un primeiro paso para unha futura unión política coa formación en 1834: ☐ dunha unión aduaneira da que no formaba parte Austria ☐ da Confederación Alemana do Norte ☐ do Segundo Reich
83. O chanceler prusiano Bismarck conseguiu durante a primeira fase da unificación alemana a incorporación dos ducados de Schleswig e Lauenburgo que estaban baixo dominio de: ☐ Dinamarca ☐ Austria ☐ Rusia	84. O ducado austríaco de Holstein foi incorporado por Bismarck na segunda fase da unificación alemana aproveitando que Austria estaba: ☐ sufocando a revolución de 1848 ☐ ocupada coa rebelión dos Estados italianos baixo o seu dominio ☐ loitando contra Francia na batalla de Sedán
85. O emperador francés Napoleón III opoñíase á anexión dos Estados alemáns do sur por parte de Prusia porque consideraba que para Francia podería ser un perigo: ☐ a separación de Alemaña en múltiples Estados ☐ a división política entre o norte e o sur de Alemaña ☐ a creación dunha Alemaña unificada	86. A derrota de Francia fronte a Prusia na batalla de Sedán permitiu que Alemaña puidese incorporar os territorios de: ☐ Alsacia e Lorena ☐ Schleswig e Lauenburgo ☐ Zollverein e Sadowa
PUNTO 7. A AMÉRICA HISPANO-PORTUGUESA NO SÉCULO XIX (páxina 54 a 55)	
87. Entre os factores que impulsaron o movemento independentista das colonias españolas en América estivo: ☐ a gran confianza que tiñan os crioulos na metrópole ☐ a influencia da Revolución americana que deu lugar ao nacemento dos Estados Unidos ☐ o total desinterese do Reino Unido polo comercio con América	88. O baleiro legal creado en España e nas colonias españolas en América durante a Guerra de Independencia permitiu que se formaran en territorio americano: ☐ xuntas partidarias do dominio francés en España e nas colonias ☐ xuntas leais a Fernando VII dominadas polos crioulos ☐ Estados independentes de España desde ese momento ata a actualidade
89. Simón Bolívar pretendía que as colonias españolas en América se independizasen de España para: ☐ crear unha federación de Estados americanos ☐ unirse ao Estados Unidos de Norteamérica ☐ formar unha multitude de Estados independentes	90. A independencia da maior parte das colonias españolas en América materializouse entre: ☐ 1808 e 1815 ☐ 1816 e 1824 ☐ a morte de Simón Bolívar e a de José de San Martín
91. A inminente invasión da península Ibérica polas tropas napoleónicas provocou que a corte portuguesa marchase cara a Brasil e que os notables brasileiros apoiasen ao fillo do rei de Portugal para que: ☐ se proclamase rei de Portugal co nome de Joao I ☐ se coroase rei de Brasil co nome de Pedro I ☐ decidise unir o territorio brasileiro aos dominios españois	92. Entre as consecuencias políticas da independencia das colonias españolas en América está: ☐ o mantemento do caudillismo e do militarismo ☐ a eliminación do latifundismo e a corrupción ☐ a ruptura total coa cultura e a lingua española

93. O desenvolvemento da economía exportadora nos territorios independizados do dominio español en América provocou: ☐ a desaparición da agricultura de plantación ☐ o desmantelamento da propiedade comunal indíxena ☐ a redución do éxodo cara ás cidades	94. Moitos territorios dos que se independizaron do dominio español en América víronse obrigados a pedir empréstitos internacionais e a endebedarse debido: ☐ á fuga de capitais tras a independencia ☐ ao escaso poder da elite crioula ☐ á escaseza de alimentos e materias primas neses territorios
--	---

ESTRUTURA DO EXAME

O exame da **unidade 2 do libro de texto**, o relativo ás **Revolucións liberais e nacionalismo**, constará das seguintes preguntas:

- Un **exercicio con vinte preguntas tipo test** (cada pregunta fallada penalizará unha pregunta acertada)
- Un **exercicio con cinco termos para definir**:
 - **EXEMPLOS DE TERMOS:** *(calquera dos dezasete que aparecen definidos no arquivo que está colgado na aula virtual)*
- Un **exercicio de explicación dalgunha das cuestións do tema**:
 - **EXEMPLOS DE TEMAS A EXPLICAR:** *As orixes da independencia dos Estados Unidos (páxina 34), As orixes da Revolución francesa (páxina 36-37), A Convención (páxina 40 a 42), o Imperio napoleónico (páxina 44-45), A unificación italiana (páxina 52) e A unificación alemá (páxina 53).*
- Un **comentario dun dos documentos do tema** que aparecen no libro de texto a escoller entre **comentario dun texto** ou **comentario dun mapa histórico**.